

Estimados/as colegas:

O presente curso, 2016/17, comezou con moitas incertezas no que atinxe ó procedemento de Acceso á Universidade, e moi en particular á situación específica da Filosofía. Moitos de vós fixéstesme chegar a vosa inquedanza, mais ata data moi recente non fun quen de vos facilitar a información solicitada, dado o baleiro normativo que só se superou nas últimas semanas.

O venres 13 de xaneiro a CIUG convocou ós directores dos Grupos de Traballo para informarlles do novo marco legal e instarlles a definir, nas súas respectivas materias, o modelo de proba vixente para o presente curso.

O Grupo de Traballo de Filosofía traballou con ese obxectivo nas dúas últimas semanas e vén de elaborar o novo modelo de proba.

Tentamos manter na medida do posible o espírito do modelo vixente en cursos anteriores e, ó mesmo tempo, adaptalo ás novas esixencias lexislativas.¹ Dúas delas débense ter moi en conta: a proba debe conter preguntas abertas e semiabertas; na proba teñen que estar presentes os diferentes bloques da materia.

O primeiro aspecto reflíctese na introdución dunha terceira cuestión de resposta moi breve (nome do filósofo relacionado con cada un de dous conceptos e título de dúas obras).

En canto ó segundo, obrigounos a abandonar o criterio de que un único autor fose o referente de cada opción. No novo modelo estarán representados os diferentes

¹ Decreto 86/2015 do 25 de xuño (B.O.E.); Orden ECD/1941/2016 de 22 de decembro (B.O.E.); Resolución de xaneiro de 2017 (D.O.G.; pendente de publicación). Da Orden ECD/1941/2016 remitimos á “Matriz de especificacións” de Historia da Filosofía de 2º de Bacharelato (pp. 89940-89941).

bloques da materia en cada unha das opcións. A efectos da Proba de Acceso, distribuímos os bloques históricos do seguinte xeito: Filosofía antigo-medieval, Filosofía moderna e Filosofía contemporánea. A estes tres hai que engadir o bloque de contidos transversais: a primeira cuestión do exame cobre estes contidos (comentario dun fragmento) ó tempo que un dos bloques históricos (estándar proposto).

Os estándares de aprendizaxe distribuiranse en dous grupos, segundo as opcións A e B que se lle presentarán ó alumno na proba.

A estrutura da proba, á vista do anterior, será a seguinte:

- 1. Un estándar de aprendizaxe dun dos tres bloques históricos acompañado dun fragmento ilustrativo do mesmo. A resposta consistirá en comentar o fragmento e, a partir do devandito comentario, desenvolver o estándar. Cualificación máxima.- 6 ptos. (60 % da proba)**
- 2. Un estándar de aprendizaxe dun dos dous bloques históricos restantes. A resposta consistirá no desenvolvemento do estándar. Cualificación máxima.- 3 ptos. (30 % da proba)**
- 3. Catro breves preguntas semiabertas referidas ao terceiro bloque histórico. Propóranse dous conceptos para identificar ao filósofo relacionado con cada un deles; tamén se pedirá o título de dúas obras. Cualificación máxima.- 1 pto. (10 % da proba)**

A continuación ofrecemos un exemplo da proba, referido á opción A. Por último, recolleamos a distribución dos estándares nas opcións A e B.

Exemplo de exame

1. Comenta o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolve a cuestión seguinte. (Cualificación máxima.- 6 ptos.)

O liberalismo político de Locke

“89. Polo tanto, onde queira que calquera número de persoas se xunten nunha sociedade dispostas a abandonar cada un o seu poder executivo da lei da natureza, e a renunciar a el a favor do poder público, alí e só alí haberá unha sociedade política ou civil. E isto dáse onde queira que un número calquera de homes, en estado de natureza, pase a formar unha sociedade co fin de construír unha persoa ou corpo político baixo a soberanía dun goberno supremo, ou tamén cando calquera particular se une e incorpora a un goberno xa feito.” (J. Locke, *Segundo tratado sobre o goberno*)

2. Alienación e ideoloxía en Marx. (Cualificación máxima.- 3 ptos.)
3. (Cualificación máxima.- 1 pto.)

a) Indica a qué filósofo corresponden os seguintes conceptos:

Mundo intelixible ..

Reminiscencia ..

b) Nomea dúas obras de Platón ..

Distribución dos estándares de aprendizaxe en opcións A e B

Opción A

A orixe do cosmos na corrente presocrática.

Realidade e coñecemento en Platón.

Platón: antropoloxía e política.

Descartes: o problema do método e a evidencia do *cogito*.

O liberalismo político de Locke.

Os límites do coñecemento en Kant.

A lei moral en Kant.

Alienación e ideoloxía en Marx.

Opción B

Dialéctica socrática e relativismo dos sofistas.

Física e metafísica en Aristóteles.

Ética e política en Aristóteles.

O problema razón/fe na filosofía medieval.

Hume: crítica das ideas de sustancia e causalidade.

Razón e progreso na Ilustración.

Nietzsche: crítica da cultura occidental.

Ortega y Gasset: a razón vital.

Agardamos que o modelo de exame e a distribución dos estándares se adapten sen dificultade ao traballo da aula. Lamentamos, por suposto, que a información desta circular se faga pública cando o curso xa está ben avanzado, pero as circunstancias fixeron imposible proceder doutro xeito.

Coa maior brevidade incluiremos na web da CIUG a redacción dos criterios de avaliación e a nova selección de textos. Avisarémovos cando estean dispoñibles.

A Coruña, 31 de xaneiro de 2017

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Alberto Sucasas', written in a cursive style with a large flourish at the end.

Asdo.- Alberto Sucasas
Dr. do Grupo de Traballo de Filosofía
alberto.sucasas@udc.es